

O Concello de Arteixo publica a convocatoria e bases para o 16º Concurso de Escaparates do Nadal 2020, aprobadas en Xunta de Goberno Local de 3 de novembro de 2020.

BASES

1. O Concello de Arteixo, a través súa Concellaría de Promoción e Desenvolvemento convoca o “16º Concurso de Escaparates do Nadal 2020”.
2. Poderán participar neste concurso todos os comercios, servizos e hostalería que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo, sempre que cumpran todos os requisitos para o exercicio da actividade e teñan escaparate decorado con motivos do nadal como mínimo durante un período comprendido entre o 10 de decembro de 2020 e o 5 de xaneiro de 2021.
3. Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo unha **solicitud de inscrición**, segundo o modelo creado a tal efecto e que se inclúe no anexo. Igualmente tamén poderán presentarse por correo electrónico á dirección emprego@arteixo.org.
4. O prazo de inscricións comezará ás 9:00 horas do día 30/11/2020 e rematará as 14:00 do día 11/12/2020.
5. As decoracións dos establecementos serán examinadas polo xurado o día 15/12/20 e sucesivos se fora necesario, entre as 18:00 e as 21:00 horas.
6. O xurado estará composto por:
 - Dous representantes do mundo comercial e artístico especializado/a en técnicas de escaparatismo e merchandising.
 - Técnico/a do Departamento de Promoción e Desenvolvemento do Concello de Arteixo ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretaria do xurado.
7. Establécense catro categorías de premios dotados coas seguintes contías:
 - Primeiro premio: 900 euros (novecentos euros)
 - Segundo premio: 600 euros (seiscentos euros)
 - Terceiro premio: 300 euros (trescentos euros).
 - Accesit a orixinalidade: 300 euros (trescentos euros).

Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado están ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

8. O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.
9. A adxudicación dos premios farase en función do puntos outorgables para os seguintes criterios:
 - A imaxe comercial e presentación do produto: ata 4 puntos
 - A creatividade da decoración: ata 4 puntos
 - A iluminación do establecemento: ata 4 puntos
 - A composición e adecuada distribución espacial: ata 4 puntos.

A excepción do premio “Accésit a orixinalidade” onde só se terá en conta este criterio.

10. O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, darase a coñecer o día 21/12/2020.
11. O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas base